

> Domingo 9



Todo a mañá. Un libro, un pan

Todas as persoas que merquen un libro serán agasalladas cun pan de Carballo

11.30 h. Phottic

Presentación do proxecto Phottic e das súas tres últimas publicacións, coa participación de **Manuel Pan** e os seus autores: *Mar de invernia*, de **Héctor Pose**; *Fuera de serie. 40 aniversario de Aspaber*, de **Manuel Rey**; *De Arsenio a Arsenio*, de **Xan Fraga**



13.00 h. MJ Pérez

Concerto sesión vermú con unha das voces novas máis interesantes na música en galego. A 'guerrilleira' de Arzúa presentará cancións do seu próximo disco "Casandra"



18.30 h


Alba Bermúdez: *O contador de contos*

A popular actriz carballesa representa unha peza baseada en relatos do escritor Carlos Casares, homenaxeado este ano o día das Letras Galegas



20:00 h. Devalar sen pel

Presentación **Modesto Fraga** de *Devalar sen pel*. O escritor fisterrán presenta a obra coa que acadou este ano o 19º Premio de Poesía Concello de Carral. Acompañarao o tamén poeta e editor Miguel Anxo Fernán-Vello



21.00 h. Atesourando a palabra

Homenaxe poética e musical ao benquerido **Paco Souto**, poeta, axitador cultural, político e percebeiro, recentemente falecido



22.00 h

Remate da Praza dos Libros 2017

Sorteos de lotes de libros

Todos os días, ás 21.30 h, farase un sorteo dun lote de libros entre todas as persoas que mercaran algún libro ese día na feira. Os/as premiados/as poderán recoller o seu lote até o domingo 9 de xullo ás 22.00 h no stand do Concello de Carballo

O xoves 6 e o domingo 9 pola mañá a Praza dos Libros convivirá coa Feira tradicional de Carballo, con compra, venda e difusión dos mellores produtos locais e de tempada

Participan:

Bibliotecas de Carballo, Librería Á Lus do Candil (Arteixo), Librería Brañas (Carballo), Librería Couceiro (A Coruña), Librería Ler (Carballo), Librería Roget (Vimianzo), Librería Teldy (Carballo), Librería Trasgo (Carballo)

www.carballo.gal



#prazadoslibros

Feira da creatividade cultural de Carballo

Do 6 ao 9 de xullo 2017

Xardín Municipal de 11.00 h a 14.00 h e de 18.00 h a 22.00 h



COLABORÁN:



www.carballo.gal

>Xoves 6

11.00 h
Comezo da Praza dos Libros 2017

Toda a mañá
Animación **#infantil** na feira con Anxo Moure



12.30 h
Pregón

Inauguración e pregón de **Manuel Rivas**. Coa actuación da Banda de Gaitas de Carballo



18.30 h
Fantasia coas palabras

Concerto **#infantil** a partir do libro-disco de Papi & Mami (Galaxia)



20.00 h
Lendas da Costa da Morte

Presentación do último libro de **Xan Fernández Carrera** (Embora). O autor estará acompañado por Antonio Reigosa e Xosé Manuel Varela



21.00 h
Charamuscas

Presentación de "Charamuscas" de **Suso Lista**, quen estará acompañado por Mercedes Queixas



>Venres 7

12.00 h
Kosmocán

Presentación do último libro ilustrado **#infantil** de **Alberto Varela Ferreiro**. Cando os científicos quixeron viaxar ao espazo decidiron adestrar a pequenos cans de palleiro que se converteron nos primeiros exploradores espaciais. Un pouquiño de historia, cadelos e cienciaficción para nenos e nenas desde os cinco anos. Un divertido conto a toda cor con páxinas extra para debuxar e colorear



18.30 h
Pirilampo

Concerto **#infantil** a partir dos libro-discos Teatro de guiñol e Lucecús (Galaxia)

Colabora: Ler Conta Moito – Xunta de Galicia



20.00 h
Costa do Solpor. O regreso da Illa do Tesouro

Presentación de *Costa do Solpor. O regreso da Illa do Tesouro* (Xerais), de **Xosé María Lema**. O autor estará acompañado por Xosé Manuel Varela



21.00 h
Contos mariños de Carballo

Presentación de *Contos mariños de Carballo* (Concello de Carballo), de **Xabier Maceiras**. O autor estará acompañado por Fernando Patricio e Xosé Regueira



>Sábado 8

Todo o día
A Praza da Arte

Varios artistas da zona vinculados ao colectivo Crea Formas (Milagros Cotelo, Cristina Castro, Laura Tova, Mon Lendoiro, entre outros) impartirán talleres e porán á venda mini obras, artesanía, fanzines e cerámica



11.00 h
Roteiro urbano

Roteiro urbano polos murais dos proxectos de arte urbana carballese Derrubando Muros e Rexenera Fest.

Roteiro guiado por escritores locais que participaron no libro *Derrubando muros con pintura*



12.00 h
Brinca vai

Concerto **#infantil** de Paco Nogueiras



13.00 h
Presentación cruzada

Presentación cruzada: **Fernando Cabeza Quiles** falaranos de *Galicia, o galego e os galegos*, e **Fernando Cabeza** explicaranos o éxito do seu *Proyecto Exitium Z*, cuxa segunda parte vai estar dispoñible por capítulos no seu blog

